

Club Dandi

Rarezas

Aproxímase o Día das Letras Galegas e con el chegan numerosas novidades arredor do autor homenaxeado. Sería extenso dar conta de todas elas, pero o que si nos parece un exercicio recomendable é ofrecer ao lector desta columna algunha posibilidade que pola súa « rareza » mereza unha mención ulterior. Entre biografías e florilexios do homenaxeado, á marxe de todos eles, encontramos unha pequena alfaia distinguida e sobranceira. Falo de *A Berenguela. Opereta para voz narrada e cuarteto de clarinetes sobre un texto de Manuel María con música de Nani García*. O título, aparatoso en si mesmo, agacha unha obriña deliciosa. Unha delicada mostra do talento galego. Porque ao texto do poeta e autor teatral e activista cultural incansable e recitador excelente únense os harmónicos acordes dun dos nosos músicos de maior talento e rigor, Nani García. Se iso non abundase redondea este libro/disco a man creativa e creadora de Miguelanxo Prado, unha mestura que podería devir nun *totum revolutum* sen tino ou senso, pero non é así, resulta que sae un libro de profundísima orixinalidade e redondo na súa factura. Para grandes e pequenos, para amantes dos dramas e da arte, para músicos e iconoclastas da música, para raras e raros e, fundamentalmente, para todos os que senten aprecio pola cultura que se está a desenvolver no noso país, día a día, froito de intelectos vizosos e inexpugnables. Dígoo pois unha vez máis, para que se saiba: o noso maior patrimonio é a cultura.

Sigo, con rarezas. Entre os moitos valores de Edicións Xerais de Galicia, innumerables e fundamentais para a literatura galega (sen o labor de Xerais sería impensable o sobresaliente e inigualable progreso estético nas nosas Letras), está a aposta irrenunciable polas novas voces. Pero non son apostas inconsistentes ou banais, senón partícipes do único principio irrenunciable: a calidade artística. Lin esta quincena dous libros que me confirman nesta idea. De Álex Alonso *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* e de Antía Nara, *Cara ao leste*. O primeiro recibiu o premio de narrativa curta Ánxel Fole. Libro para reler unha e mil veces. Quizá o texto de maior frescura que levo lido no presente ano. Pleno de retranca finísima, humor de Nós, lucidez e arrebatos plenamente literarios. Espléndido. O seu complementario sería o segundo libro citado. Ensimesmado, rigoroso, íntimo, expresivo na redacción da memoria do desasosego, de prosa hábil e medida. Rarezas.



Xosé Carlos Caneiro